



EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE VISADO DE PROXECTOS E ESTADO URBANÍSTICO DAS COMARCAS E CONCELLOS DE GALICIA, NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2012. Notas de prensa

● **01 O número de vivendas visadas novas o rehabilitadas en Galicia polo Colexio de Arquitectos no segundo semestre de 2012, parece que tocou fondo.**

O número de vivendas visadas en Galicia no segundo semestre do 2012, como indicador adiantado do que pode ser o comportamento a curto prazo das vivendas que poidan obter licenza e ser construída e posta no mercado, parece que tocou fondo.

Segundo os rexistros do Colexio de Arquitectos, o segundo semestre do ano 2012 rexistrou o visado de 1.796 vivendas en Galicia (300 vdas/mes), sendo o primeiro de 1.650 vivendas (274 vdas/mes), facendo polo tanto un cómputo global de 3.446 vdas, incrementándose polo tanto nun 9% con respecto o semestre anterior.

Así todo a crise económica, a desconfianza nos mercados e a falta de liquidez fan que este período de latexo se estea prolongando máis aló do desexable, pois os números seguen sendo moi baixos, xa que o ano 2012 completo rexistra valores porcentuais de só o 12,00% respecto da cifra media anual destes últimos doce, que foi de 27.201 vivendas/ano, e con unha cantidade moi inferior aos 46.881 visados tope de vivenda contabilizados para o ano 2006.

● **02 Si ben o número de vivendas aumentou, o custe económica e a superficie media baixou**

Á vista dos datos podemos dicir que a actividade de visado colexial parece que tocou fondo, pois si ben parece que se incrementou levemente o número de actuacións en vivendas novas o rehabilitadas ata un 9% con respecto o primeiro semestre do ano 2012, a contía económica e a superficie afectada baixou ata un 7% en ambos casos con respecto o primeiro semestre desde año, actuando como lastre o medo a crise, o sobranse de vivendas en venda aínda pendente de vender, as vivendas de segunda man postas a venda polas entidades bancarias debidas a impagos hipotecarios, e a conseguinte contrición do crédito debido á crise económica, e todo elo non anima aos inversores a promover novas actuacións de vivenda colectiva, verdadeiro motor da economía desde sector, e as actuacións rexistradas parece que son algunha máis, pero máis pequenas e de menor custe económico, só salvándose os datos da provincia de A Coruña, esperando que as medidas de reforma estrutural gobernamentais fagan efecto positivo.

● **03 A provincia de Ourense rexistra o peores resultados a nivel provincial**

Por provincias o número de viviendas visadas polo servizo de control e supervisión documental do Colexio de Arquitectos no ano de 2012, foi por este orden o seguinte: A provincia de A Coruña con 1.467 vivendas - 687 no 1º semestre, e 780 no 2º semestre - (o 42,57%), a de Pontevedra con 1.179 - 559 no 1º semestre, e 620 no segundo semestre - (o 34,21%), a de Lugo con 493 - 281 no 1º semestre, e 212 no 2º semestre - (o 14,30%), e a de Ourense con tan só 307 - 123 no 1º semestre, e 184 no 2º semestre - (8,90%). Os datos da provincia de Ourense coincide con o desplome dos datos correspondentes a súa capital, debidos ademais da crise económica, a la anulación do seu PXOM do ano 2003. Dita provincia tamén marcou o máximo porcentaxe de vivenda unifamiliar al situalo nun 76,09%



● **04 Os datos no conxunto das sete cidades galegas para todo ó 2012, aínda son discretos**

O número de vivendas visadas polo Colexio de Arquitectos nas sete cidades galegas no 2012 aínda son discretos. Destacando en negativo só as 41 rexistradas en Ferrol, e as 47 vivendas visadas na cidade de Ourense, e as 80 de Pontevedra.

O resto das cidades contabiliza os seguintes rexistros por este orden de maior a menor: Lugo 140 vivendas, A Coruña 200, Santiago con 278, Vigo con 318. Dicur que a cidade con mellor comportamento no segundo semestre do ano foi a cidade de Vigo.

● **05 Na contorna das cidades galegas, os datos rexistrados tamén son discretos**

Dentro da baixa actividade rexistrada no Colexio de Arquitectos, os datos obtidos na contorna das cidades galegas, non superan o 40% do total da comarca donde se encrava, con respecto a cidade que circundan, excepto nos casos moi anormais das comarcas de Ferrol con un 80%, e no caso da comarca de Ourense con un 61%.

● **06 A vivenda visada de Protección Oficial porcentualmente, e case nula.**

Segundo datos do Colexio de Arquitectos, no primeiro e segundo semestre do 2012 contabilizouse o visado de tan só 41 vivendas acollidas a algún réxime de protección pública,. Isto representa menos dun 1,19% do total das promocións, rexistrando o valor mínimo contabilizado nos últimos doce anos nos que este dato colexialmente empezou a recollese.

● **07 Consólidase a porcentaxe do visado de proxectos de rehabilitación.**

A senda iniciada no primeiro semestre do ano 2012 referida á actividade de rehabilitación de vivendas, segundo os rexistros do Colexio de Arquitectos, que lograron situar este sector case en un 27,52%, confírmase no segundo semestre repetindo esa mesma porcentaxe, elo pode ser debido aos efectos da Lei estatal 2/2011 de 4 de marzo de Economía Sustentable, ao RD Lei 8/2011 de Medidas de apoio e impulso á rehabilitación, e polas políticas de rehabilitación do IGVS, que levan a cabo as 57 oficinas de rehabilitación municipais galegas declaradas e que afectan a 128 concellos, sendo a nosa Comunidade a primeira Comunidade Autónoma en número de áreas de rehabilitación de España.

Sen embargo dito porcentaxe non é homoxeneo posto que na provincia de Lugo, é de un 42% sobre o seu total provincial, na de Ourense dun 39%, a de Pontevedra con un 31%, é tan só dun 17% na provincia de A Coruña.

Dicur tamén que o impulso a esas políticas de rehabilitación foron postas de manifesto nas conclusións do 4º Congreso de Patoloxía e de Rehabilitación de edificios (PATORREB), celebrado en Santiago en abril do ano pasado, organizado polo Colexio de Arquitectos de Galicia.



- **08** A totalidade do ano 2012 rexistra no Colexio de Arquitectos o segundo valor porcentual máis baixo da década respecto á vivenda colectiva, cun pouco mais dun 38%

Se nos achegamos ao visado da tipoloxía colectiva non podemos máis que verificar o descenso no número de promocións. A porcentaxe contabilizado para este tipo de vivenda e para o a totalidade do ano 2012, volve a baixar, consolídase nun 38%, cifra moi inferior ao 77% de media rexistrado entre os anos 2000 a 2007.

- **09** A vivenda unifamiliar achega unha porcentaxe de case o 62% do total de vivenda visada no Colexio de Arquitectos de Galicia.

O visado da vivenda unifamiliar segue tendo un marcado ritmo asimétrico respecto á do resto de variables analizadas. Lonxe de promocións por lote, a tipoloxía unifamiliar illada cumpre unha función de expectativa individual, na que a economía persoal xoga un papel moi importante. A media de vivendas unifamiliares visadas sitúase en case 180 por mes, moi lonxe das 550 de media por mes rexistradas en períodos normais de actividade edificatoria.

O número total de vivendas unifamiliares visadas no primeiro e segundo semestre do ano 2012, foi de 2.158, o que marca a porcentaxe anual do 62% respecto das vivendas totais visadas, sendo esta porcentaxe a máxima rexistrada nas series dos últimos doce anos.

- **10** O 15% dos concellos de Galicia non visaron ningunha vivenda no Colexio de Arquitectos de Galicia na totalidade do ano 2012.

Do mesmo xeito que en anos anteriores foron 49 concellos nos que non se rexistrou o visado de un só proxecto de vivenda na totalidade do ano 2012, que representan o 15% do total de Galicia. Deste xeito repítese o nivel de inactividade acadado en anos pasados e que representa é o maior da década. O listado por provincias é o seguinte:

- **Provincia de A Coruña** (4): As Somozas, Boqueixón, Santiso, Toques.
- **Provincia de Lugo** (15): Alfoz, Ourel, Trabada, Portomarín, Riotorto, Pedrafita do Cebreiro, Cervantes, As Nogais, Láncara, Triacastela, O Páramo, Samos, Xermade, Muras, Negreira de Muñiz.
- **Provincia de Ourense** (28): Baltar, Os Blancos, Porqueira, Sarreaus, Trasmirás, Vilar de Santos, Xunqueira de Espadanedo, Entrimo, Lobeira, Carballeda de Avia, Cenlle, Melón, A Bola, Gomesende, Quintela de Leirado, Ramirás, Chandrexa de Queixa, Rubiá, O Bolo, Carballeda, Larouco, Petín, Vilamartín de Valdeorras, Laza, Cualedro, Ríós, Vilariño de Conso e A Mezquita.
- **Provincia de Pontevedra** (2): A Golada e Dozón



● **11 67 concellos co planeamento urbanístico adaptado a Lei do solo**

A situación actual do planeamento en Galicia segue a ser dispar, malia o esforzo por acadar unha adaptación á Lei do solo da maior parte dos concellos.

Así, **dos 67 plans adaptados á 9/2002, 28 se atopan na provincia da Coruña** (Lousame, Oroso, A Capela, Cerdido, As Somozas, Vilarmaior, Boimorto, Curtis, A Pobra do Caramiñal, Santiago de Compostela, Toques, Vedra, Zas, Paradela, Arzúa, Laxe, Oleiros, Paderne, Sobrado dos Monxes, Dodro, Muros, Teo, Touro, Outes, Abegondo, Camariñas, Mesía, A Coruña), **9 en Lugo** (O Incio, Castroverde, Rábade, Ribas de Sil, Sober, Pedrafita do Cebreiro, Lugo, Xove, Láncara), **24 en Ourense** (San Cibrán das Viñas, Xunqueira da Ambía, Amoeiro, Avión, Sandiás, Castrelo do Val, Laza, Melón, Paderne de Allariz, Taboadela, Vilardevós, Esgos, Rairiz de Vega, Vilar de Barrio, Arnoia, Cualedro, Beade, Boborás, Cenlle, Cortegada, Muiños, Irixoa, Leiro, Verín), e finalmente, **6 na provincia de Pontevedra** (Vigo, Rodeiro, Moaña, Valga, Tui e Marín). 219 concellos galegos o están redactando.

Outros 62 concellos, o 20% non teñen planeamento, ou o ten suspendido ou anulado. 60 deles xa comezaron a redactalo, e só dous deles, os concellos de Abadín e Ribeira de Piquín na provincia de Lugo, non ten planeamento y non o están redactando.

Na actualidade dos 315 concellos galegos, un total de 253, un 80%, réxense por un planeamento xeral, sendo a media nacional do Estado Español do 78%.



2012

INFORME COAG: EVOLUCIÓN DO VISADO E
ESTADO URBANÍSTICO DAS
COMARCAS E CONCELLOS
DE GALICIA

ESTADÍSTICAS: SEGUNDO SEMESTRE 2012 E ACUMULADO DO SEMESTRE ANTERIOR

**EVOLUCIÓN DA ACTIVIDADE DE VISADO DE PROXECTOS E ESTADO URBANÍSTICO
DAS COMARCAS E CONCELLOS DE GALICIA, NO SEGUNDO SEMESTRE DE 2012 E
ACUMULADO DO SEMESTRE ANTERIOR.**

(acumulados os datos de anos anteriores)



Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia

Praza da Quintana nº 3. Casa da Conga.
15704 Santiago de Compostela
Teléfono 981.552 400
Fax 981. 561 658
C.I.F. Q-1575005-B

Xunta de Goberno

Decano / Presidente

Jorge Duarte Vázquez

Tesoureiro (en funcións)

Ana Domínguez Laíño

Secretario (en funcións)

Jorge Álvarez Rúa

Presidentes

A Coruña

Xosé Manuel López Mihura

Lugo

Raúl J. Veiga Lamelas.

Ourense

José Jaime Vázquez Iglesias

Pontevedra

Manuel Abelleira Argibay

Vigo

Martín de Cominges Carvalho

Santiago de Compostela

Ana Domínguez Laíño

Ferrol

Xosé Manuel López Leira

Vocais

Miguel Carballido Pensado

Fernando Martínez López

Pablo Noya Suárez

Redacción e coordinación

Alberto Escobar Molinero

Colaboracións das

Área técnica

- Servizo de suervisión
- Servizo de asesoramento

Área de urbanismo

Área de informática



ÍNDICE

1. ESTADÍSTICAS DE VISADO

- 1.1. Número total de vivendas visadas
- 1.2. Vivenda de protección oficial
- 1.3. Vivenda Rehabilitada
- 1.4. Vivenda Colectiva
- 1.5. Vivenda Unifamiliar
- 1.6. Vivendas con CFO emitido
- 1.7. ITE's visadas

2. NOVIDADES NORMATIVAS

- 2.1. Urbanísticas
- 2.2. Técnicas
- 2.3. Fiscais

3. ACTIVIDADE URBANÍSTICA, DE CONTROL E DE REHABILITACIÓN EN GALICIA

- 3.1. Actividade urbanística do planeamento urbanístico
- 3.2. Plano de estado do planeamento en Galicia
- 3.3. Concellos adscritos a la APLU
- 3.4. Concellos con oficina de rehabilitación

4. RESUMO XERAL

- 4.1. Número de vivendas visadas
- 4.2. Superficie construída e contía económica de uso Residencial en Galicia
- 4.3. Proporción de vivendas unifamiliares
- 4.4. Histórico de vivendas visadas

5. ESTADÍSTICAS DE VIVENDA VISADA, PORMENORIZADAS POR COMARCAS E CONCELLOS

- 5.1. Provincia de A Coruña
- 5.2. Provincia de Lugo
- 5.3. Provincia de Ourense
- 5.4. Provincia de Pontevedra

6. OBTENCIÓN E PROCEDENCIA DOS DATOS



1. ESTADÍSTICAS DE VIVENDAS VISADAS


1.1. Número de Vivendas visadas

O interese dos datos recollidos polo Colexio de Arquitectos de Galicia está en que poden anticipar a actividade construtiva que se poda realizar nun futuro inmediato, posto que representan o número de vivendas que en uns meses se poderán executar “ex novo” ou rehabilitar pormenorizadamente nos diferentes concellos e comarcas galegas, logo de conseguir a necesaria licenza municipal de obras.

Cabe destacar que esta análise estatística vense facendo polo Colexio de Arquitectos de Galicia dende o ano 2000 ata á actualidade, é dicir xa mais de trece anos. A este informe non lle afectou o RD estatal 1000/2010 de “visado obrigatorio”, posto que só se contabilizan as edificacións na fase de “execución” que poden ser construídas tras a consecución da licenza municipal de obra, al ser dita fase de visado obrigatorio.

Á vista dos datos contidos nas táboas finais deste informe, podemos dicir que a actividade de visado colexial parece que tocou fondo, pois si ben parece que se incrementou o número de actuacións en vivendas novas o rehabilitadas ata un 9% con respecto o primeiro semestre do ano 2012, a contía económica e a superficie afectada baixou ata un 7% en ambos casos con respecto o primeiro semestre desde año, actuando como lastre o medo a crise, o sobranse de vivendas en venda aínda pendente de vender, as vivendas de segunda man postas a venda polas entidades bancarias debidas a impagos hipotecarios, e a conseguinte contrición do crédito debido á crise económica, e todo elo non anima aos inversores a promover novas actuacións de vivenda colectiva, verdadeiro motor da economía desde sector, e as actuacións rexistradas parece que son algunha máis, pero máis pequenas e de menor custe económico, só salvándose os datos da provincia de A Coruña, esperando que as medidas de reforma estrutural gobernamentais fagan efecto positivo.

Número de Vivendas Visadas por Meses (2008-2012)




Nota: Os máximos históricos de vivendas visadas/mes, están nos meses de setembro de 2006, e marzo de 2007, en 8.093 e 6.130 vdas/mes respectivamente pola entrada do CTE na súa primeira e segunda parte.

NHG: Normas Hábitat Galego (Decreto 262/2007)


NHV: Normas Habitabilidade de Vivendas.(Decreto 29/2010)

Atopámonos nunha situación de estancamento xeneralizada, sendo necesario facer balance das actuacións pretéritas. A crise económica, a desconfianza nos mercados e a falta de liquidez fan que este período de latexo se estea prolongando máis aló do desexable. Como exemplo desto, podemos dicir que no segundo semestre de 2012, visáronse unha media de case 300 vdas/mes, rexistrándose un leve aumento con respecto a acontecido no primeiro semestre que foi de 275 vdas/mes.

Evolución do visado de vivendas. Datos semestrais dos anos 2008 a 2012



O gráfico semestral reflexa os número de vivendas visadas, que para o primeiro e segundo semestre de 2012, foron de 1.650 e de 1.796 vivendas respectivamente. Neste sentido, axúdanos a obter unha imaxe nítida do que está a acontecer, pois a recuperación non parece vir. Todo indica que estamos inmersos nun ciclo de peche na expansión ilimitada das nosas cidades, oportunidade que entendemos debe ser tida en conta para realizar operacións de remate das pezas urbanas, e de realización das unidades de execución con maior interese xeral, e de necesaria rehabilitación das zoas degradadas e do mantemento do parque edificado.




Evolución do visado de vivendas. Datos anuais 2000- 2012



Á vista do movemento histórico no visado colexial, atopámonos ante uns valores de 3.446 vivendas visadas -novas ou rehabilitadas-, na totalidade do ano 2012 en toda Galicia, que supón unha baixa do 27% con respecto aos xa malos datos dos anos 2010 e 2011.

O ano rexistra valores porcentuais arredor, de case ó 13,00% respecto da cifra media anual destes últimos doce, que foi de 27.201 vivendas/ano, e con unha cantidade moi inferior aos 46.881 visados tope de vivenda contabilizados para o ano 2006.

Número de Vivendas Visadas 2000-2sem2012 (Variación mensual)



Evolución do visado de vivendas. Datos mensuais 2000- 2012

NHG: Normas Hábitat Galego (Decreto 262/2007)

NHV: Normas Habitabilidade de Vivendas. (Decreto 29/2010)

CTE: Código Técnico da Edificación.(RD 314/2006)


IVE: Subida do Imposto do valor engadido

A gráfica de valores mensuais, resulta moito máis significativa en canto ao rexistro de incidencias que repercuten no visado colexial. A situación parece haber tocado fondo, logo dun certo estancamento rexistrado no ano 2011, sen visos claros dunha clara tendencia positiva.

1.2. Vivenda de Protección oficial

En canto á vivenda sometida a algún réxime de protección pública, o primeiro semestre recolle unha cifra global que supón só o 1,19% do total das promocións, rexistrando o valor mínimo nos últimos doce anos, nos que este dato colexialmente empezou a contabilizarse.

Vivenda Sometida a Protección. 2009-2012 (variación mensual)




Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos mensuais dos anos 2009 a 2012

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2012 son:

Ano	VPA	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	2947	33755	8,73 %
ano 2001	3090	31801	9,72 %
ano 2002	3358	31242	10,75 %
ano 2003	4662	35685	13,06 %
ano 2004	4592	37326	12,30 %
ano 2005	3748	40781	9,19 %
ano 2006	2776	47470	5,85 %
ano 2007	1480	38150	3,88 %
ano 2008	2036	20775	9,80 %
ano 2009	441	7536	5,85 %
ano 2010	302	4805	6,29 %
ano 2011	323	4687	6,89 %
ano 2012	41	1650	1,19 %
total	29.796	337.459	8,83 %




Vivenda Sometida a Protección. 2008-2012 (variación semestral)



Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos semestrais dos anos 2008 a 2012

A falla de partidas orzamentarias deste tipo de vivendas, a falla de recursos económicos da Administración nesta situación de crise xeneralizada, supón que os números deste tipo de vivendas rexisten un mínimo histórico.


Vivenda Sometida a Protección. 2000-2012 (variación anual)




Evolución do visado de vivendas protexidas. Datos anuais 2000 - 2012

1.3. Vivenda Rehabilitada

A senda iniciada no segundo semestre do ano 2010 referida á actividade de rehabilitación de vivendas, que lograron situar este sector case en un 25% para o conxunto deste ano, tras as baixas detectadas de oito puntos porcentuais no ano 2011, parece que volve con forza, rexistrando na totalidade do ano 2012 un valor do 27,57% do total, elo pode ser debido aos efectos das medidas governamentais de apoio e impulso á rehabilitación, a concienciación cidadán, e polas políticas de rehabilitación do IGVS, que levan a cabo as 57 oficinas de rehabilitación municipais, segundo o listado anexo a este informe.




Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos mensuais dos anos 2009 a 2012



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos semestrais dos anos 2008 a 2012

Se ben o 27% deste ano invita a continuar nesta liña, favorecendo a revitalización dos nosos núcleos urbanos ou rurais, e adaptando as vivendas aos novos estándares de confortabilidade e aforro enerxético, confíase que a obrigada implantación, ou no seu caso o impulso das Inspección Técnica de Vivendas (ITE's), polo menos, nos dezaseis concellos galegos maiores de 25.000 habitantes en que resulta obrigatorio, así como o decidido apoio autonómico as políticas de rehabilitación xestionadas a través das oficinas rehabilitadoras municipais, deriven en mais e mellores actuacións de mantemento do parque edificado galego.

Vivenda Rehabilitada. 2001-2012 (variación anual)



Evolución do visado de obras de rehabilitación. Datos anuais 2000-2012


Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2012 son:

Ano	Rehabilitación	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	788	33755	2,33 %
ano 2001	1032	31801	3,25 %
ano 2002	844	31242	2,70 %
ano 2003	1130	35685	3,17 %
ano 2004	1901	37326	5,09 %
ano 2005	1648	40781	4,04 %
ano 2006	1680	47470	3,54 %
ano 2007	1603	38150	4,20 %
ano 2008	1518	20775	7,31 %
ano 2009	1156	7536	15,34 %
ano 2010	1154	4805	24,02 %
ano 2011	829	4687	17,69 %
ano 2012	950	3446	27,57 %
total	16233	337.459	4,81 %

1.4. Vivenda Colectiva

Se nos achegamos ao visado da tipoloxía colectiva non podemos máis que verificar o descenso no número de promocións. A porcentaxe contabilizado para este tipo de vivenda para a totalidade do ano 2012 e de pouco máis do 37%, cifra moi inferior ao 77% de media rexistrado entre os anos 2000 a 2007.


Vivenda Colectiva. 2009--2012 (variación mensual)



Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos mensuais dos anos 2009 a 2012

Isto supón que neste semestre do ano 2012 chégase ás 1.288 vivendas colectivas, sobre un total de 3.446 unidades, o que supón menos do 40% do total, fronte a media de 28.900 vivendas colectivas de media anual visadas no período de anos 2000 a 2007, que supoñía un porcentaxe habitual desta tipoloxía do 75%.


Vivenda Colectiva. 2008-2012 (variación semestral)



Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos semestrais dos anos 2008 a 2012

Este valor porcentual para vivenda colectiva é o máis baixo dende que se teñen rexistrado valores, tamén en termos absolutos.

Vivenda Colectiva. 2000-2012 (variación anual)




Evolución do visado da vivenda colectiva. Datos anuais 2000-2012.

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2012 son:

Ano	V. Colectiva	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	25387	33755	75,21 %
ano 2001	23465	31801	73,79 %
ano 2002	22398	31242	71,69 %
ano 2003	28382	35685	79,53 %
ano 2004	29778	37326	79,78 %
ano 2005	32195	40781	78,95 %
ano 2006	38382	47470	80,86 %
ano 2007	31236	38150	81,88 %
ano 2008	15017	20775	72,28 %
ano 2009	4704	7536	62,42 %
ano 2010	2079	4805	43,27 %
ano 2011	2253	4687	48,07 %
ano 2012	1288	3446	37,38 %
total	256564	337459	76,03 %


1.5. Vivenda Unifamiliar

Pola súa banda, o visado da vivenda unifamiliar segue tendo un marcado ritmo asimétrico respecto á do resto de variables analizadas. Lonxe de promocións por lote, a tipoloxía unifamiliar illada cumpre unha función de expectativa individual, na que a economía persoal xoga un papel moi importante. A media de vivendas unifamiliares visadas sitúase en case 180 por mes, inferior en vinte unidades con respecto os anteriores semestres, e moi lonxe das 550 de media por mes rexistradas en períodos normais de actividade edificatoria.




Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos mensuais dos anos 2009 a 2012.

En efecto, o número total de vivendas unifamiliares visadas no ano 2012, foi de 2.158 unidades, o que a sitúa nun porcentaxe do mais do 62% respecto das vivendas totais visadas, sendo esta porcentaxe a máxima rexistrada anualmente nas series dos últimos doce anos.



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos semestrais dos anos 2008 a 2012.

Malia a situación, debemos ter presente que existe unha baixada no número de vivendas unifamiliares visadas, que se ben resiste con maior fortuna aos envites da situación financeira, non é que quen de soste a actividade edificatoria dos últimos anos por si soa. Sen dúbida, a tendencia futura é a de corrixir estes valores, no que a vivenda unifamiliar non supere porcentaxes maiores do 25-35% respecto da colectiva. Ata ese momento, podemos advertir unha situación de irregularidade, que ven marcada pola situación económica actual de crise.



Evolución do visado da vivenda unifamiliar. Datos anuais 2000 a 2012


Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2000 e 2012 son:

Ano	V. Unifamiliar	Total Vivendas	Porcentaxe
ano 2000	7406	33755	21,94 %
ano 2001	7470	31801	23,49 %
ano 2002	7768	31242	24,86 %
ano 2003	6348	35685	17,79 %
ano 2004	6938	37326	18,59 %
ano 2005	8024	40781	19,68 %
ano 2006	8743	47470	18,42 %
ano 2007	6462	38150	16,94 %
ano 2008	5602	20775	26,97 %
ano 2009	2737	7536	36,32 %
ano 2010	2520	4805	52,45 %
ano 2011	2371	4687	50,69 %
ano 2012	2158	3446	62,62 %
total	74547	337.459	22,09 %

1.6. Vivendas con CFO emitido

Este gráfico representa o número que historicamente obtiveron o corresponde certificado final de obra. Dicar que para a totalidade do ano 2012 as vivendas rematadas foron de mais do 62% das vivendas visadas, converxendo o número de vivendas visadas ao número de vivendas rematadas

Vivendas con Certificado Final de Obra. 2000-2012



Evolución do certificado final de obra respecto a vivendas visadas. Datos anuais 2000-2012

Nota: Os datos correspondentes ás vivendas con certificado Final de obra a partires do ano 2011 están calculados tendo en conta a tramitación segundo o convenio asinado ó efecto entre o Colexio de arquitectos de Galicia e o Consello galego de aparelladores.

Os datos numéricos e porcentuais do período histórico entre os anos 2005 e 2012 son:

Año	Total Vivendas	Vivendas con CFO
ano 2000	32832	
ano 2001	30987	
ano 2002	30311	
ano 2003	32314	
ano 2004	37001	
ano 2005	40209	28.718
ano 2006	46881	28.471
ano 2007	37913	30.210
ano 2008	20767	29.585
ano 2009	7708	25.284
ano 2010	4805	11.294
ano 2011	4687	9.293
ano 2012	3466	5.531



1.7. ITES tramitadas 2010-2012

A Lei 9/ 2002, do 31 de decembro de ordenación urbanística de Galicia non seu artigo 200 regula ás Inspeccións periódica de construcións (ITES), nela dí que o facultativo que faga a inspección consignará os resultados expedindo un informe que describa os danos apreciados no inmovible, as súas posibles causas e as medidas prioritarias recomendables para asegurar a súa estabilidade, seguridade, estanquidade e consolidación estruturais ou para manter ou rehabilitar as súas dependencias en condicións de habitabilidade ou uso efectivo segundo o destino propio destas. Así mesmo, deixará constancia do grao de realización das recomendacións expresadas con motivo da anterior inspección periódica. A eficacia do informe esixe remitir copia deste ao concello e ao colexio profesional correspondente. O concello poderá esixir dos propietarios a exhibición dos informes actualizados de inspección periódica de construcións e, se se descubrise que estas non se efectuaron, poderá realizalas de oficio a custa dos obrigados.

Neste senso o Real Decreto-Ley 8/2011, da 1 de xullo, estableceu as ITES como condición obrigatoria para os edificios de antigüidade superior a 50 anos en municipios con máis de 25.000 habitantes para antes do 2016 e outorga competencia ás Comunidades Autónomas para que regulen esta aplicación dentro do prazo establecido.

As ITES son obrigadas polo menos, nos dezaseis concellos galegos maiores de 25.000 habitantes en que resulta obrigatorio, tal e como establece el RD estatal. Deles a ten implantada os concellos de A Coruña, Cangas, Culleredo, Ferrol, Lugo, Oleiros, Ourense, Ribadeo, Santiago e Vigo, si ben tan só en cinco de eles estase a esixir, deste xeito segundo o programa de xestión de expedientes colexial, rexistráronse os seguintes datos, que son ilustrativos do rigor e intensidade con que estase a esixir tal cuestión:

ano	Municipio					Total xeral
	A Coruña	Lugo	Ourense	Santiago	Vigo	
2010	64	679	--	20	1.264	2.027
2011	41	546	--	--	3.789	4.376
2012	42	789	261	--	2.288	3.380
Total	147	2.014	261	20	7.341	9.783



2. NOVIDADES NORMATIVAS

A continuación, facemos un resumen das referencias legais acontecidas no primeiro semestre e segundo do ano 2012, distinguindo entre normas de perfil urbanística, normas técnicas, e como novidade normas fiscais, que de algunha ou outra forma influyen en maior o menor medida no fluxo do visado e da actividade colexial.

2.1. Urbanísticas

Primeiro Semestre

- Lei 4/2012, do 12 de abril, da Área Metropolitana de Vigo. Diario nº 77 de data 23/04/2012
- Decreto 244/2011, do 29 de decembro, polo que se aproban os estatutos do organismo autónomo Instituto de Estudos do Territorio. Diario Oficial de Galicia nº 1 de data 02/01/2012
- Orde do 15 de marzo de 2012, conxunta das consellerías de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e do Medio Rural e do Mar, sobre réxime da avaliación ambiental dos establecementos de acuicultura na parte litoral da zona terrestre.
- Real Decreto Lei 17/2012, de 4 de maio, de medidas urxentes en materia de medio ambiente. Xefatura do Estado. BOE 108 do 05/05/2012.

Segundo Semestre

- Decreto 144/2012, do 29 de xuño, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto da Lavacolla, no concello do Pino. Diario Oficial de Galicia nº 133 de data 12/07/2012
- Decreto 171/2012, do 1 de agosto, polo que se aproba o Catálogo da paisaxe da comarca paisaxística de Deza. Diario Oficial de Galicia nº 156 de data 17/08/2012
- Decreto 247/2012, do 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela. Diario Oficial de Galicia nº 233 de data 07/12/2012
- Decreto 267/2012, do 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Ovedo. Diario Oficial de Galicia nº 248 de data 31/12/2012

2.2. Técnicas

Primeiro Semestre

- Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias. Diario Oficial de Galicia nº 69 de data 11/04/2012
- Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia. Diario nº 71 de data 13/04/2012
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia. Diario Oficial de Galicia nº 122 de data 27/06/2012
- Lei 13/2011, do 16 de decembro, reguladora da política industrial de Galicia. Diario Oficial de Galicia nº 1 de data 02/01/2012
- Lei 14/2011, do 16 de decembro, pola que se modifica a Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia. Diario Oficial de Galicia nº 2 de data 03/01/2012
- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. Diario Oficial de Galicia nº 63 de data 30/03/2012
- Real Decreto Lei 5/2012, de 5 de marzo, de mediación en asuntos civís e mercantís. Xefatura do Estado. BOE 56 do 06/03/2012
- Real Decreto Lei 19/2012, de 25 de maio, de medidas urxentes de liberalización do comercio e de determinados servizos. Xefatura do Estado. BOE 126 do 26/05/2012



Segundo Semestre

- Real Decreto 1038/2012, de 6 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 1367/2007, de 19 de octubre, por el que se desarrolla la Ley 37/2003, de 17 de noviembre, del ruido, en lo referente a zonificación acústica, objetivos de calidad y emisiones acústicas. BOE 26/07/2012
- Real Decreto 1120/2012, de 20 de julio, por el que se modifica el Real Decreto 140/2003, de 7 de febrero, por el que se establecen los criterios sanitarios de la calidad del agua de consumo humano. BOE 29/08/2012
- Orde do 20 de agosto de 2012 pola que se establecen os prezos privados de venda ao público de cartografía e imaxes (ortofotos e fotografía aérea) polo Instituto de Estudos do Territorio (IET). Diario nº 171 de data 07/09/2012
- Ley 6/2012, de 19 de junio, de juventud de Galicia. BOE 08/09/2012
- Ley 7/2012, de 28 de junio, de montes de Galicia. BOE 08/09/2012
- Ley 8/2012, de 29 de junio, de vivienda de Galicia. BOE 08/09/2012
- Real Decreto 1290/2012, de 7 de septiembre, por el que se modifica el Reglamento del Dominio Público Hidráulico, aprobado por el Real Decreto 849/1986, de 11 de abril, y el Real Decreto 509/1996, de 15 de marzo, de desarrollo del Real Decreto-ley 11/1995, de 28 de diciembre, por el que se establecen las normas aplicables al tratamiento de las aguas residuales urbanas. BOE 18/10/2012
- Sentencia de 27 de septiembre de 2012, de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, por la que se declaran nulos los párrafos séptimo y octavo del artículo 81 y el anejo 19 de la Instrucción de Hormigón Estructural (EHE-08), aprobada por el Real Decreto 1247/2008, de 18 de julio. BOE 1/11/2012
- Sentencia de 9 de octubre de 2012, de la Sala Tercera del Tribunal Supremo, por la que se anula el inciso "debe ser verificado por una entidad que disponga de la independencia necesaria respecto al proceso de construcción de la edificación y de los medios y la capacitación técnica para ello" in fine del párrafo quinto del artículo 9 del Real Decreto 346/2011, de 11 de marzo, por el que se aprueba el Reglamento regulador de las infraestructuras comunes de telecomunicaciones para el acceso a los servicios de telecomunicación en el interior de las edificaciones. BOE 1/11/2012
- Decreto 215/2012, do 31 de outubro, polo que se regulan os furanchos da Comunidade Autónoma de Galicia. Diario Oficial de Galicia nº 216 de data 13/11/2012
- Orde do 27 de decembro de 2012 pola que se desenvolve o medio de comprobación de valores de prezos medios de mercado aplicable a determinados inmoables rústicos e urbanos situados na Comunidade Autónoma de Galicia e se aproban os prezos medios no mercado aplicables no exercicio 2013. Diario nº 248 de data 31/12/2012

2.3. Fiscais

Primeiro Semestre

- Lei Orgánica 1/2012, do 3 de abril, pola que se exclúe do ámbito de aplicación da disposición adicional da Lei Orgánica 3/2006, de 26 de maio, de reforma da Lei Orgánica 5/2001, do 13 de decembro, complementaria da Lei Xeral de Estabilidade Orzamentaria, a determinados mecanismos de financiamento. Xefatura do Estado. BOE 81 do 04/04/2012
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Orzamentaria. Xefatura do Estado. BOE 103 do 30/04/2012
- Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral. Xefatura do Estado. BOE 36 do 11/02/2012
- Real Decreto-Lei 4/2012, de 24 de febreiro, pola que se determinan obrigacións de información e procedementos necesarios para establecer un mecanismo de financiamento para el pago aos provedores das entidades locais. Xefatura do Estado. BOE 48 do 25/02/2012



- Real Decreto-Lei 12/2012, de 30 de marzo, polo que introdúcense diversas medidas tributarias e administrativas dirixidas a redución do déficit público. Xefatura do Estado. BOE 78 do 31/03/2012
- Real Decreto Lei 2/2012, de 3 de febreiro, de saneamento do sector financeiro. Xefatura do Estado. BOE 30 do 04/02/2012
- Real Decreto Lei 7/2012, de 9 de marzo, por el que crease o Fondo para o financiamento dos pagos a provedores. Xefatura do Estado. BOE 60 do 10/03/2012
- Real Decreto Lei 10/2012, de 23 de marzo, por el que modifícanse determinadas normas orzamentarias en relación coas facultades das Autoridades Europeas de Supervisión. Xefatura do Estado. BOE 72 de 24/03/2012
- Real Decreto Lei 18/2012, de 11 de maio, sobre saneamento e venta dos activos inmobiliarios do sector financeiro. Xefatura do Estado. BOE 114 do 12/05/2012
- Real Decreto Lei 6/2012, de 9 de marzo, de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos. Xefatura do Estado. BOE 60 de 10/03/2012

Segundo Semestre

- Ley 3/2012, de 6 de julio, de medidas urgentes para la reforma del mercado laboral. BOE 7/07/2012
- Ley 4/2012, de 6 de julio, de contratos de aprovechamiento por turno de bienes de uso turístico, de adquisición de productos vacacionales de larga duración, de reventa y de intercambio y normas tributarias. BOE 7/07/2012
- Ley 5/2012, de 6 de julio, de mediación en asuntos civiles y mercantiles. BOE 7/07/2012
- Resolución de 19 de julio de 2012, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 20/2012, de 13 de julio, de medidas para garantizar la estabilidad presupuestaria y de fomento de la competitividad. BOE 1/08/2012
- Resolución de 19 de julio de 2012, del Congreso de los Diputados, por la que se ordena la publicación del Acuerdo de convalidación del Real Decreto-ley 21/2012, de 13 de julio, de medidas de liquidez de las Administraciones Públicas y en el ámbito financiero. BOE 1/08/2012



3. ACTIVIDADE URBANÍSTICA, DE CONTROL E DE REHABILITACIÓN EN GALICIA

3.1. Actividade urbanística do planeamento urbanístico.

(datos proporcionados pola Secretaría Xeral de urbanismo da Xunta de Galicia)

I. PLANEAMENTO XERAL

A. APROBACIÓN DEFINITIVA DE PLANEAMENTO XERAL (SEGUNDO ART. 85.7a)

Primeiro semestre

- PXOM de Sober (LU), aprobación definitiva completa do PXOM. DOG 09/02/2012
- PXOM de Cortegada (OU) Orde de 28 de febreiro de 2012, sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 16/03/2012
- PXOM de Xove (LU) Orde de 12 de xuño de 2012 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 26/06/2012
- PXOM de Muiños (OU) Orde do 15 de xuño de 2012 sobre aprobación parcial do PXOM. DOG 29/06/2011

Segundo semestre

- PXOM de Leiro (OU) Orde de 25 de xuño de 2012 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 5/07/2012
- PXOM de Marín (PO) Orde do 27 de xuño de 2012 sobre aprobación definitiva do PXOM. DOG 9/07/2012
- PXOM de Irixoa (OU) Orde do 12 de xullo de 2012 de aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Irixoa. DOG 24/07/2012
- PXOM de Abegondo (AC) Orde do 14 de setembro de 2012 de aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Abegondo. DOG 26/09/2012
- PXOM de Verín (OU) Orde do 7 de decembro de 2012 sobre a aprobación definitiva do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Verín. DOG 17/12/2012

B. LICITACIÓNS/ADXUDICACIÓNS

Primeiro semestre

- PXOM de Betanzos. DOG 16/04/2012

Segundo semestre

- Neste periodo non houbo

C. AVANCE DE PLANEAMENTO

Primeiro semestre

- Neste periodo non houbo.

Segundo semestre

- Neste periodo non houbo.

D. APROBACIÓN AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA O INNECESARIEDADE DO MESMO

Primeiro semestre

- PXOM de Abegondo. Resolución do 11 de xuño de 2012. DOG 28/06/2012.
- PXOM de Mesía. Resolución do 2 de abril de 2012. DOG 26/04/2012



- PXOM de A Coruña. Resolución do 9 de marzo de 2012. DOG 02/04/2012

Segundo semestre

- PXOM de Verín. Resolución do 5 de xullo de 2012. DOG 23/07/2012

E. APROBACIÓN DEFINITIVA PUBLICADA EN EL DOG

Primeiro semestre

- **Mugardos.** Diario nº 117 de data 20/06/2012 Orde do 13 de xuño de 2012 sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello para a adecuación de usos de regasificación no solo industrial de Punta Promontorio.
- **Silleda.** Diario nº 111 de data 12/06/2012. Anuncio da aprobación definitiva da modificación puntual do Plan parcial do polígono industrial Área 33.
- **Santiago de Compostela.** Diario nº 94 de data 18/05/2012. Anuncio de aprobación definitiva do Plan parcial do solo urbanizable delimitado número 14 (SUD-14), Monte do Seixo.
- **Barreiros.** Diario nº 91 de data 14/05/2012. Resolución do 23 de abril de 2012, da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, pola que se fai pública a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Proxecto sectorial para a mellora e ampliación das infraestruturas básicas de abastecemento dos núcleos de San Cosme, San Pedro, San Miguel e Reinante, no concello de Barreiros, aprobado definitivamente por Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de marzo de 2012.
- **Santiago de Compostela.** Diario nº 83 de data 02/05/2012 Orde do 17 de abril de 2012 sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal na rúa da Estrada con esquina á travesía da Estrada.
- **Oroso.** Diario nº 72 de data 16/04/2012. Orde do 30 de marzo de 2012 sobre aprobación definitiva da modificación puntual número 3 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do sobre varias ordenanzas.
- **Pobra do Caramiñal.** Diario nº 72 de data 16/04/2012 Orde do 30 de marzo de 2012 sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral nas áreas de repartición e polígonos 9 e 10, para a implantación dun centro de saúde.
- **Vigo.** Diario nº 66 de data 04/04/2012 Resolución do 21 de marzo de 2012 pola que se fai pública a aprobación definitiva e as disposicións normativas do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA, aprobado mediante Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 23 de febreiro de 2012.
- **Ordes.** Diario nº 62 de data 29/03/2012 Orde do 15 de marzo de 2012 sobre aprobación definitiva da modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento municipal sobre o uso específico de cemiterios.
- **Carballo.** Diario nº 62 de data 29/03/2012. Anuncio sobre a aprobación definitiva do Plan Especial de Dotacións para un centro docente en solo rústico (referencia catastral 001500400NH28E0001TU).
- **San Cibrao das Viñas.** Diario nº 43 de data 01/03/2012 san cibrao das viñas Anuncio da aprobación definitiva do estudo de detalle presentado por Alfocasa, S.L.
- **Mugardos.** Diario nº 41 de data 28/02/2012 Orde do 13 de febreiro de 2012 sobre aprobación definitiva da modificación número 11 do Plan Xeral de Ordenación Municipal para actuación rehabilitadora do Castelo da Palma.



- **Pereiro de Aguiar.** Diario nº 27 de data 08/02/2012 Decreto 64/2012, do 26 de xaneiro, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para revisar a delimitación e ordenación do núcleo rural de Vilariño-A Pena.
- **Pereiro de Aguiar.** Diario nº 27 de data 08/02/2012 Decreto 65/2012, do 26 de xaneiro, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral do Pereiro de Aguiar (Ourense) para revisar a delimitación e ordenación do núcleo rural de Vilariño-A Igrexa.
- **Pereiro de Aguiar.** Diario nº 26 de data 07/02/2012 Decreto 61/2012, do 26 de xaneiro, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación para revisar a delimitación e ordenación do núcleo rural de Vilariño-San Salvador.
- **Pereiro de Aguiar.** Diario nº 26 de data 07/02/2012 Decreto 62/2012, do 26 de xaneiro, de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal para revisar a delimitación e ordenación do núcleo rural de Frieira-Melias.
- **Ares.** Diario nº 26 de data 07/02/2012 Orde do 24 de xaneiro de 2012 sobre aprobación definitiva do expediente de modificación das normas subsidiarias de planeamento municipal.
- **A Cañiza.** Diario nº 23 de data 02/02/2012 Anuncio sobre a aprobación definitiva do Plan de sectorización do solo urbanizable do Vieiro.
- **O Pino.** Diario nº 4 de data 05/01/2012 Orde do 23 de decembro de 2011 sobre aprobación definitiva da modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Municipal no lugar do Pedrouzo.
- **Porto do Son.** Diario nº 2 de data 03/01/2012 Anuncio da aprobación definitiva do Plan especial de infraestruturas e dotacións para un tanatorio en Tarela.

Segundo semestre.

- **Soutomaior.** Orde do 27 de xuño de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual número 4 das normas subsidiarias de planeamento do concello de Soutomaior, no contorno da casa do concello. Diario nº 131 de data 10/07/2012
- **Narón.** Orde do 27 de xuño de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Narón para apertura dunha vía e variación doutra no sector IV do polígono industrial Río do Pozo. Diario nº 131 de data 10/07/2012
- **Padrón.** Orde do 27 de xuño de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Padrón (A Coruña) para a ampliación do solo urbanizable industrial en Estramundi de Abaixo. Diario nº 131 de data 10/07/2012
- **Vila de Cruces.** Orde do 29 de xuño de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual número 7 das normas subsidiarias de planeamento do concello de Vila de Cruces (Pontevedra). Diario nº 133 de data 12/07/2012
- **Pontes de García Rodríguez.** Orde do 29 de xuño de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do concello das Pontes de García Rodríguez, no ámbito do SUI-1 en Pena Porreira. Diario nº 133 de data 12/07/2012
- **As Neves.** Orde do 27 de xuño de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual número 8 do PXOM do Concello das Neves para a ampliación de zona verde e espazos libres. Diario nº 135 de data 16/07/2012
- **Ourense.** Orde do 16 de xullo de 2012 sobre a aprobación definitiva da modificación puntual da normativa do Plan xeral de ordenación urbana do Concello de Ourense. Diario nº 144 de data 30/07/2012
- **Pontevedra.** Orde do 27 de agosto do 2012 pola que se declara, de maneira definitiva, como espazo natural de interese local o espazo Xunqueira de Alba, no concello de Pontevedra. Diario nº 176 de data 14/09/2012



- **Silleda.** Orde do 6 de setembro de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOU do Concello de Silleda, na zona do recinto feiral da Semana Verde. Diario nº 180 de data 20/09/2012
- **Oza dos Ríos.** Orde do 18 de outubro de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual do PXOM do Concello de Oza dos Ríos (A Coruña) en Mondoí. Diario nº 208 de data 31/10/2012
- **Cospeito.** Orde do 26 de outubro de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Cospeito, en execución das sentenzas 921 e 922/2001 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Diario nº 216 de data 13/11/2012
- **Crecente.** Orde do 15 de novembro de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual número 1 das normas subsidiarias de planeamento do Concello de Crecente. Diario nº 228 de data 29/11/2012
- **Curtis.** Orde do 4 de outubro de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual número 1 do Plan xeral de ordenación municipal do Concello de Curtis (A Coruña). Diario nº 201 de data 22/10/2012
- **Illa de Arousa.** Aprobación definitiva de la modificación puntual do Plan Especial de Reforma interior en desenvolvemento da área de repartición 57 do PXOM. Diario nº 226 de data 27/11/2012
- **Oroso.** Orde do 14 de novembro de 2012 de aprobación definitiva da modificación puntual nº 2 do Plan xeral de ordenación municipal do concello de Oroso, no lugar de Porto Avieira. Diario nº 225 de data 26/11/2012
- **Sanxenxo.** Aprobación definitiva do Plan especial de ordenación do sistema xeral de espazos libres de uso e dominio público E-84-A, adscrito ao solo urbanizable número 1 do Plan xeral de ordenación municipal de Sanxenxo e ratificación do texto definitivo do convenio urbanístico para o desenvolvemento do citado ámbito tramitado por instancia da Xunta de Compensación do Plan parcial do SU-1 nos Cotos-Dorrón. Diario nº 230 de data 03/12/2012

F. PXOMS CON INFORME PREVIO A APROBACION INICIAL (IPAI. ARTº 85.1 LOUGA)

Primeiro semestre

- PXOM de Baralla (LU) 12/01/2012
- PXOM de Pontedeva (OU) 03/02/2012
- PXOM de Carballo (AC) 03/02/2012
- PXOM de Mondariz (PO) 15/02/2012
- PXOM de Caldas de Reis (PO) 20/02/2012
- PXOM de Bande (OU) 27/02/2012
- PXOM de Montederramo (OU) 05/03/2012
- PXOM de Baleira (LU) 28/03/2012
- PXOM de Ponteceso (AC) 09/04/2012
- PXOM de Nigrán (PO) 19/04/2012
- PXOM de Moeche (AC) 07/05/2012
- PXOM de Coristanco (AC) 07/05/2012
- PXOM de Monforte de Lemos (LU) 10/05/2012
- PXOM de Gudiña, A (OU) 15/05/2012
- PXOM de Mos (PO) 23/05/2012
- PXOM de Sada (AC) 30/05/2012
- PXOM de Coles (OU) 30/05/2012
- PXOM de Baltar (OU) 06/06/2012
- PXOM de Pereiro de Aguiar (OU) 14/06/2012
- PXOM de Pontearreas (PO) 15/06/2012



Segundo semestre

- PXOM de Culleredo (AC) 04/07/2012
- PXOM de Lobios (OU) 04/07/2012
- PXOM de Baños de Molgas (OU) 06/07/2012
- PXOM de Ordes (AC) 10/07/2012
- PXOM de Vilaboa (PO) 17/07/2012
- PXOM de Cabanas (AC) 20/07/2012
- PXOM de Silleda (PO) 30/07/2012
- PXOM de Cotobade (PO) 2/08/20012
- PXOM de Fene (AC) 14/08/2012
- PXOM de A Mezquita, A (OU) 20/09/2012
- PXOM de Portas (PO) 02/10/2012
- PXOM de Bueu (PO) 15/10/2012
- PXOM de Noia (AC) 23/10/2012
- PXOM de Bóveda (LU) 19/11/2012
- PXOM de Cangas (PO) 19/11/2012
- PXOM de Vicedo, O (LU) 23/11/2012
